

# ED330B - Participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar.

## Fondo solidario

Beneficiarios: Alumnado matriculado no IES de Mugar dos o vindeiro curso en 3.º e 4.º ESO. Os de 1.º e 2.º ESO están excluídos debido á participación no programa E-dixgal

A asignación de libros de texto que estean dispoñibles no fondo solidario do centro, efectuarase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.

## Contía das axudas

Beneficiarios: Alumnado matriculado en 1.º, 2.º 3.º e 4.º ESO con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros

Contía: 50 euros.

## Requisitos

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2017/18. A falta de devolución dos libros de texto, sexan do curso inmediato anterior ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2018/19.

O prazo máximo para devolvelos será a data de entrega de notas de xuño, agás para o alumnado de ESO que teña algunha materia pendente, que poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine e, como máximo, ata o 7 de setembro de 2018.

2. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2018/19 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro, segundo o caso.

## Prazo de presentación de solicitudes

Ata o 22 de xuño de 2018

## Documentación

- **Anexo I :** Solicitud (<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/35435>)
- **Anexo II:** comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar
- **Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables** Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2016, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios: Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. Certificado ou volante de convivencia. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

## + Información

- Sede electrónica da Xunta de Galicia, [procedemento ED330B](#)
- <http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>
- Orde do 9 de maio de 2018 (DOG do 21 de maio)